

CÓDIGO DE BOA PRÁCTICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

Preámbulo

Tras o recente proceso de revisión identitaria, a Federación Galega de Baloncesto ten asumido un compromiso inquebrantable para facer da súa actividade un exemplo de comportamento ético e socialmente responsable que trasladar aos seus socios, sponsors, patrocinadores, provedores, contratantes e calquera outra terceira parte.

O novo posicionamento identitario da Federación Galega de Baloncesto ten un obxectivo último irrenunciable, que é a implicación de novos actores no traballo polos seus obxectivos identitarios, a través de diversas posibilidades de colaboración e dende distintos ámbitos. A través das determinacións contidas no presente código constitúen un instrumento para unha maior transparencia na organización do baloncesto en Galicia.

No exercicio das súas funcións, a Federación Galega de Baloncesto ten elaborado o presente Código de Bo Goberno, no que se formulan recomendacións de aplicación a todos os estamentos da Federación Galega de Baloncesto e, por extensión á familia do baloncesto galego, e que aspiran facer da actividade da Federación e da práctica do baloncesto, un exemplo de comportamento ético e socialmente responsable .

Estas normas afectan o control e xestión económica da Federación Galega de Baloncesto, con independencia da procedencia, pública ou privada, dos fondos, así como a transparencia no seu funcionamento interno.

O capítulo primeiro recolle unha serie de consideración xerais que conforman o Código ético da Federación Galega de Baloncesto. Os principios nel recollidos consisten nunha adhesión xeral cara a un comportamento íntegro, o esforzo cara á excelencia, á transparencia na nosa xestión e ao respecto fundamental entre a familia do baloncesto e a sociedade en xeral. Os seguintes capítulos desenvolven estes principios xerais de comportamento para os distintos

colectivos da familia do baloncesto galego, facendo fincapé en determinados aspectos con relación directa coas súas responsabilidades específicas.

Así o capítulo segundo, establece as normas de bo goberno en referencia ás actuacións das e dos integrantes organos de goberno e control da Federación Galega de Baloncesto e os criterios que teñen que guiar os procedementos, fundamentalmente para garantir a transparencia dos mesmos.

Na mesma liña de procurar unha maior eficiencia na xestión e transparencia e participación no proceso de toma de decisións económicas, en especial para os fondos públicos, o capítulo terceiro establece uns principios básicos de relacións con terceiras partes, fundamentalmente, a Xunta de Galicia, provedores e organizacións con interese en establecer colaboracións coa Federación Galega de Baloncesto.

Finalmente, no cuarto capítulo, pásase ao campo da ética deportiva ampliando o espectro máis orgánico e incorporando a todo o baloncesto galego neste código de boas prácticas.

Disposicións xerais

Artículo 1. Obxecto

O establecemento deste Código de Bo Goberno ten como obxectivo fundamental o de estender cara a sociedade os principios e valores identitarios asociados ao baloncesto e acadar, desta maneira, unha maior integración na sociedade.

As pautas de comportamento establecidas contribúen asimesmo a aumentar a transparencia nas actuacións e na xestión, facendo especial fincapé na utilización dos fondos públicos.

Artículo 2. Ámbito de aplicación

O presente código será de aplicación á estrutura organizativa da Federación Galega de Baloncesto e, por extensión inclúe unha serie de determinacións específicas para os distintos compoñentes da familia do baloncesto galego, así como para terceiras partes relacionadas dalgunha maneira coa mesma.

Capítulo 1

Código ético

Artículo 3. Independencia

Debemos ser sempre quen de actuar de xeito coherente coa nosa propia identidade e dirección, sen limitación por presións externas.

Aspiramos a ser independentes de posicionamentos políticos. Ningunha relación de partenariado nos comprometerá directamente cunha determinada axenda política. Non permitiremos que os movementos políticos influán ou interfiran coa neutralidade fundamental na natureza do baloncesto.

Os nosos programas de actividades serán “non-partidarios”, independentes de gobernos determinados, partidos políticos ou empresas.

Como medida previsorá diversificaremos as nosas fontes de ingresos para non nos converter en dependentes de calquera tipo de recurso que poida comprometer o baloncesto galego.

Artículo 4. Financiamento e relacións de partenariado, patrocinio e sponsor

Na procura de financiamento, describiremos axeitadamente as nosas actividades e necesidade. As nosas políticas e actuacións asegurarán que as doazóns sexan utilizadas para o potenciamento da misión da Federación Galega de Baloncesto.

No establecemento de partenariados, ou na aceptación de patrocinios e sponsors observaranse rigorosamente os seguintes preceptos:

- A Federación Galega de Baloncesto non colaborará directa ou indirectamente con organizacións que promovan a guerra ou a violencia.
- A Federación Galega de Baloncesto non establecerá partenariados con organizacións que discriminen por motivos de raza, cor, sexo, orientación sexual, crenzas, relixión, nacionalidade ou orixe étnica.
- Ningunha relación ou colaboración coa Federación Galega de Baloncesto afectará á súa capacidade para actuar e tomar as súas propias decisións de modo independente.
- Ningún partenariado comprometerá a Federación Galega de Baloncesto ou a dirixirá en función dunha determinada axenda partidista en termos de política.
- A Federación Galega de Baloncesto busca partenariados con aquelas organizacións interesadas en colaborar no desenvolvemento, dinamización e potenciación da práctica do baloncesto e da súa capacidade para cambiar a realidade social.
- A Federación Galega de Baloncesto non colaborará con organizacións que poidan afectar negativamente á súa imaxe externa.

Artículo 5. Relacións de traballo

Consultaremos o desenvolvemento e a implementación de políticas ou actividades co público interesado (dentro do universo da Federación Galega de Baloncesto) sobre o que vaian ter impacto.

Os distintos órganos da Federación Galega de Baloncesto e os seus membros trataranse con respecto e consideración. Comunicarémonos e formularemos consultas aberta e colexiadamente de xeito que nos apoiemos no cumprimento dos nosos respectivos deberes e responsabilidades.

Con terceiras partes alleas á Federación Galega de Baloncesto comprometémonos a manter as nosas promesas segundo a nosa pretensión de desempeño excelente.

Artículo 6. Equidade e diversidade

Valoramos, respectamos e potenciamos a diversidade. Consideramos fundamental e promovemos a imparcialidade e a non-discriminación en todas as nosas actividades tanto internas como externas nas que establecemos mecanismos de integración, imparcialidade e equilibrio e equidade de xénero.

Artículo 7. Transparencia

Temos un compromiso coa apertura, a transparencia e a honestidade sobre nós mesmos. Comunicámonos activamente con terceiras partes e facemos pública toda información relevante acerca da Federación Galega de Baloncesto.

Artículo 8. Confidencialidade

Trataremos a información obtida a través da Federación Galega de Baloncesto con confidencialidade cando a súa natureza así o requira ou cando se faga unha solicitude explícita. Non utilizaremos ningún tipo de información a prol de intereses privados.

Artículo 9. Bo goberno e xestión profesional

Xestionamos a nosa organización de xeito profesional e eficiente. Isto farémolo dotándonos dunha clara estrutura organizativa e procesos de toma de decisións; actuando de acordo cos valores da Federación Galega de Baloncesto e cos procedementos acordados e informando dos nosos resultados aberta e axeitadamente.

Cada integrante da Federación Galega de Baloncesto asegurarse de que os recursos son usados de xeito eficiente e axeitado, que a integridade financeira

está garantida e que se mantén a confianza social na Federación Galega de Baloncesto.

Artículo 10. Informes

Informaremos cando menos unha vez ao ano acerca das nosas actividades, acordos e logros co compromiso de facer accesible esta información para terceiras partes interesadas.

Artículo 11. Recursos humanos

Recoñecemos que os logros da Federación Galega de Baloncesto reflicten a calidade do seu persoal, as e os voluntarios e as prácticas de xestión levadas a cabo polo que nos comprometemos a seguir políticas de desenvolvemento dos nosos recursos humanos.

Artículo 12. Conflicto de interese

Os conflitos de interese que poidan xurdir entre intereses persoais e intereses da Federación Galega de Baloncesto serán resoltos de xeito transparente.

Artículo 13. Utilización dos recursos da Federación Galega de Baloncesto

Utilizaremos os recursos da Federación Galega de Baloncesto e as súas propiedades para a consecución dos obxectivos identitarios da Federación Galega de Baloncesto, o potenciamento do baloncesto galego e do seu labor social.

Artículo 14. Actividades privadas

Non participaremos en actividades ou transaccións incompatibles co desenvolvemento das nosas responsabilidades ou que poidan ter efectos negativos na imaxe da Federación Galega de Baloncesto. Non utilizaremos a Federación Galega de Baloncesto para a procura de beneficios ou favores na vida privada.

Capítulo 2

Normas de bo goberno

Artículo 15. Órganos de goberno e complementarios

Ademáis das competencias estatutariamente establecidas, é o deber dos membros dos órganos de goberno (Comisión Delegada e Presidencia) e complementarios (Secretaría Xeral, Tesourería e Xunta Directiva) o de actuar con lealdade respecto da Federación Galega de Baloncesto e cumprir coas seguintes obrigas que emanan directamente das concreción do establecido no Código Ético:

- Manter en segredo cantos datos ou informacións reciban no desempeños do seu cargo non podendeo utilzalos en beneficio propio ou facilitalos a terceiros.
- Absterse de intervir en deliberacións e votacións de calquera cuestión na que puidera ter un interese particular.
- Non facer uso indebido do patrimonio federativo nin valerse da súa posición para obter ventaxas patrimoniais.
- Non se aproveitar das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membro da comisión delegada.
- A participación activa nas reunions da Comisión Delegada e cumprir coas responsabilidades que lle sean asignadas.
- Opoñerse a acordos contrarios á Lei, aos estatutos ou ao interese federativo.
- Favorecer a participación dos diversos estamentos segundo quede establecido regulamentariamente.

Artículo 16. Órganos de control

(a) Secretaría Xeral

Ademáis das establecidas nos estatutos e nos regulamentos, a Secretaría Xeral actuará como órgano de control e fiscalización da legalidade formal e material das actuacións dos órganos de goberno, comprobar a retularidade estatutaria, o cumprimento da disposicións emanadas da Asamblea Xeral, así como velar pola observancia dos principios e criterios do bo goberno federativo.

(b) Tesourería

O control especial deste órgano está na supervisión da administración económica e financeira da Federación Galega de Baloncesto, en especial a través da supervisión dos pagos e toda clase de documentos bancarios.

(c) Organismo autonómico con competencias en materia de deporte

A Administración deportiva autonómica recibirá anualmente o estado das contas e o orzamento previsto do exercicio seguinte. Sen autorización expresa desta administración deportiva non será posible a aprobación duns orzamentos deficitarios.

Artículo 17. Procedementos de xestión

(a) Orzamentos e xestión.

A Federación segue un sistema de orzamento, xestión, seguimento, liquidación e xustificación que respeta en todo momento a legalidade sobre a concesión de subvencións.

Sirven como referencia os manuais que cada ano edita o CSD e, de cara ao futuro, a Federación Galega de Baloncesto adoptará calquera outro sistema axeitado para o control e a eficacia da xestión, recomendado pola Administración deportiva autonómica.

(b) Autorización de operacións

Autorización de gastos

A persoa responsable de cada área funcional autoriza os gastos referentes ao orzamento en vigor aprobado pola asamblea.

O departamento de contabilidade facilita o estado de cumprimento dos gastos en función da súa labor de seguimento orzamentario.

Todos os gastos debe ser autorizados pola persoa competente independentemente da periodicidadr ou do importe do que se trate.

Nos casos nos que os gastos non correspondan cunha partida orzamentada, a competencia pasará para a autorización deberá ser solicitada á Presidencia.

Funcionamento de caixa: pagos

Todos os pagamentos en efectivo deberán ter perfectamente identificado o concepto e serán asinados por quen pretende o seu cobro, ademáis, deberán contar coa autorizcaión correspondente antes de ser relaizados.

Polo xeral non se efectuarán pagos por caixa a provedores, salvo naqueles casos de entregas inmediatas, reembolsos ou pequenos traballos de reparación e conservación.

Funcionamento da caixa: cobros

Os cobros en efcetivo se realizarán pola caixa do departamento do contabilidade que demandará a sinatura e expedirá o recibo. Estes cobros se realizarán con carácter extraordinario xa que a federación utilizará normalmente a vía bancaria para os seus movementos.

Réxime xeral de pagos

Cos provedores ou provedores de servizos, establceranse as condicións de pago oportunas unha ou varias veces outorgada conformidade ás súas facturas. Salvo excepcións, os pagos se efectuarán por transferencia bancaria.

Calquera que sexa a forma de pago, será precisa a autorización das persoas designadas a tal efecto pola Comisión Delegada.

(c) Segregación de funcións.

O sistema de operacións na Federación Galega de Baloncesto non permite que unha única persoa poida intervir ne todas as fases da transacción, xa que incluso se están fosen efectuadas pola Presidencia ou a Xerencia a título individual, sempre debería efectuarse o pagamento mediante a intervención doutra persoa.

(d) Información e a documentación contable.

Facturas emitidas

Todas as facturas serán emitidas polo departamento de contabilidade. Os distintos departamentos que precisen efectuar facturas ou cargos a terceiras persoas ou persoas físicas deberán informar ao departamento de contabilidade dos importes, conceptos e datos da empresa ou persoa a quen facturar.

Facturas recibidas

As facturas recibidas dos diferentes provedores se centralizarán no departamento de contabilidade que recabará o visto bó das áreas ou departamentos que teñan encargado o servizo ou o material.

Verificada a conformidade da persoa responsable, procederase á súa contabilización e entrará no circuío de pagos da Federación Galega de Baloncesto.

No caso que a factura non sexa conforme, a persoa responsable do pedido solicitará as oportunas correccións do proveedor e fará a xestións necesarias para acomodar a factura á realidade do pedido.

Proceso contable

A Federación Galega de Baloncesto segue un proceso de contabilidade conforme ao estipulado ao Plan Xeral Contable de España adaptado a Federacions Deportivas.

Todos os asientos contables son debidamente archivados e custodiados no departamento de contabilidade, así como o resto de documentación sensible ou confidencial e aquela outra como as follas de gastos ou xestión que soportan documentalmente as operacións realizadas.

(e) Retribucións

A Federación Galega de Baloncesto non ten nin realizará, salgo expresa autorización da Administración deportiva autonómica, contratos blindados, con indemnizacións por riba da lexislación vixente.

Salvo casos excepcionais que serán informados á Administración deportiva autonómica a Federación Galega de Baloncesto non abonará contra o ornamento federativo gastos de desprazamentos a persoas que non teñan relación coa federación.

A Federación Galega de Baloncesto se compromete a informar das retribucións dinerarias ou en especie satisfeitas aos membros dos órganos de goberno da federación, tanto en concepto de reembolso polos gastos que lles teñan ocasionado o desempeño das súas funcións, como en concepto de remuneracións polos servizos prestados á entidade, ben sexa vía relación laboral ou mercantil, tanto inherentes como distintos da súa propia función.

Capítulo 3

Relacións con terceiras partes

Artículo 18. Relacións con provedores

As e os directivos e altos cargos da Federación Galega de Baloncesto deberán subministrar información realtiva á existencai de relacións de índole contractual, commercial ou familiar con provedores ou entidades que teñan relacións comerciais ou profesionais coa Federación Galega de Baloncesto.

No caso de existiren, se requirirá información periódica sobre o volume de transaccións económicas entre a Federación e os seus membros ou terceiras persoas vencelladas.

A Federación Galega de Baloncesto fará pública a información acerca dos cargos directivos que as e os responsables federativos desempeñen na súa actividade privada noutras sociedades ou empresas.

Como criterio de actuación para pular por unha xestión económica eficiente, solicitarase un mínimo de tres ofertas de cara a adquisición de inversiones que superen os 30.000€ e os 12.000€ cando se trate de subministro de bens ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica.

(a) Código de conduta dos provedores

As empresas proveedoras da Federación Galega de Baloncesto deben levar os seus negocios de acordo con elevados estándares de comportamento ético na liña das pautas marcadas neste Código de Boa Práctica da Federación Galega de Baloncesto.

En especial:

- Os provedores da Federación Galega de Baloncesto deberán garantir a observancia das leis e regulamentos aplicables nos países nos que operen.

- A Federación Galega de Baloncesto só contratará con empresas subministradoras cuxas empregadas e empregados estean compensados axeitadamente e non sometidos a riscos físicos innecesarios nin explotadas ou explotados dalgún modo. Especificamente:
 - Remuneración xusta
 - Xornada laboral legalmente establecida
 - Non contratación de traballo fóra da idade de actividade
 - Non someter a traballos forzados
 - Non discriminación
 - Liberdade sindical
 - Preocupación pola seguridade e a saúde
- Os provedores da Federación Galega de Baloncesto deberán cumprir todas as normativas e, por suposto, a legalidade ambiental.

(b) Comunicación e cumprimento deste código

As empresas subministradoras de Federación Galega de Baloncesto deberán asegurarse de que este código estea en coñecemento das súas e dos seus traballadores de xeito comprensible nas súas instalacións.

A Federación Galega de Baloncesto resérvase o dereito de comprobar o cumprimento deste código e, no caso de detección de malas prácticas, o dereito, amais de todos os outros dereitos legais e contractuais, para romper a relación con calquera empresa subministradora que viole o presente código.

Artículo 19. Partenariados

No marco deste Código de Boa Práctica, estableceuse unha serie de orientacións para as organizacións interesadas en chegar a acordos de colaboración ou patrocinio coa Federación Galega de Baloncesto:

- Os nosos partners deben actuar de forma sustentable tendo en consideración os efectos das súas actuacións presentes no futuro.
- A Federación Galega de Baloncesto traballa con todos os sectores (privado, goberno, ONG, etc.)
- A Federación Galega de Baloncesto espera que as organizacións coas que estableza partenariados se esforcen pola calidade dos seus servizos.
- Os partenariados procurarán todas as oportunidades de implicación posibles.
- As relacións de partenariado da Federación Galega de Baloncesto acadan beneficios mutuos tirando o máximo da relación.
- As contrapartes de partenariados da Federación Galega de Baloncesto deben entender e interiorizar as características identitarias da Federación Galega de Baloncesto.
- A Federación Galega de Baloncesto agarda que as contrapartes dos seus partenariados teñan no desenvolvemento da súa actividade un comportamento honesto, legal, transparente e cun compromiso pola xustiza e a mellora social.
- A Federación Galega de Baloncesto non colaborará directa ou indirectamente con organizacións que promovan a guerra ou a violencia.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

- A Federación Galega de Baloncesto non establecerá partenariados con organizacións que discriminen por motivos de raza, cor, sexo, orientación sexual, crenzas, relixión, nacionalidade ou orixe étnica.
- Ningunha relación ou colaboración coa Federación Galega de Baloncesto afectará á súa capacidade para actuar e tomar as súas propias decisións de modo independente.
- Ningún partenariado comprometerá a Federación Galega de Baloncesto ou a dirixirá en función dunha determinada axenda partidista en termos de política.
- A Federación Galega de Baloncesto busca partenariados con aquelas organizacións interesadas en colaborar no desenvolvemento, dinamización e potenciación da práctica do baloncesto e das súas capacidade para cambiar a realidade social.
- A Federación Galega de Baloncesto non colaborará con organizacións que poidan afectar negativamente á súa imaxe externa.

Artículo 20. Xunta de Galicia

A Federación Galega de Baloncesto facilitará coa debida antelación á Administración deportiva autonómica toda información concernente a actuacións promovidas que teñan proxección pública, tanto se se refire a actividades de promoción xenérica da correspondente modalidade deportiva, como se se refire a actos ou presentacións públicas de eventos ou actividades deportivas concretas.

En todas estas actuacións, a Federación Galega de Baloncesto velarán por garantir a correcta utilización da imaxe corporativa da Administración deportiva autonómica, de acordo coas instrucións que esta facilite

Capítulo 4

Ética deportiva

Artículo 21. Código de ética deportiva

As federacións cumprirán e farán cumprir aos seus directivos, deportistas, técnicos, xuíces e árbitros, e a cantas persoas se integren nelas, o Código de ética deportiva aprobado polo Consello de Europa.

Afondando neste código e atendendo á suxerencia da Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia, en especial deberase dar cumprimento ao seguinte decálogo de conduta:

1. A deportividade e o xogo limpo.
2. O respecto ao adversario.
3. O rexeitamento de toda forma de violencia.
4. A loita contra a dopaxe.
5. O fomento de hábitos de vida saudables, especialmente entre os máis novos.
6. O respecto á diferenza e a multiculturalidade.
7. A loita contra calquera discriminación, independentemente da súa orixe ou causa.
8. O fomento da igualdade de xénero e dos comportamentos dignificantes do ser humano.
9. A protección do medio.
10. A loita contra toda forma de adulteración do xogo

Ademáis, en desenvolvemento das determinacións anteriores, a Federación Galega de Baloncesto establece unha serie de códigos propios específicos para os principais colectivos da familia do baloncesto:

(a) Código de conduta das xogadoras e xogadores

O baloncesto é unha actividade recreativa para o goce e a saúde. Na súa práctica podemos conseguir que cada quen obteña o máximo beneficio e goce da súa implicación no deporte. Para contribuír a iso establécese o presente código de conduta que deben observar as e os xogadores federados na Federación Galega de Baloncesto.

1. Coñece, comprende e xoga segundo as regras
2. Respecta aos árbitros e a mesa
3. Controla o teu temperamento
4. Traballa igual de duro para ti e para o equipo
5. Sé un bo deportista
6. Trata a todos os deportistas con respecto
7. Xoga polo pracer de facelo
8. Respecta os dereitos a dignidade e a valía de cada persoa en si mesma
9. Prepárate para perder de cando en vez
10. Escoita os consellos dos adestradores e tenta aplicalos nos adestramentos e nos partidos
11. Respecta as instalacións e as equipacións que che sexan facilitadas.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

(b) Código de conduta das adestradoras e os adestradores

As adestradoras e adestradores de clubs federados na Federación Galega de Baloncesto comportaranse conforme a estes sinxelos principios:

1. Marcar un bo exemplo para que poida ser seguido polas deportistas, os deportistas e a afección.
2. Respetar os árbitros e a mesa como persoas pero tamén as súas decisións sempre dentro do marco das regras do evento.
3. Comportarse cos adestradores rivais, cos xogadores e coa afección con respecto.
4. Orientar as xogadoras e xogadores de xeito deportivo e requiririlles que se comporten dese mesmo xeito.
5. Adestrar de xeito positivo sen facer comentarios degradantes ou linguaxe abusiva.

Ademais, atnedendo á especial fragilidade das nenas e nenos, no caso do baloncesto de base, as e os adestradores:

1. Recordarán que son adestradores de deporte de base e que o xogo non é para adultos.
2. O benestar emocional, físico e académico das xogadoras ou xogadores estarán sempre por diante do desexo persoal de gañar.
3. Cada xogadora e xogador serán tratados personalizadamente e tendo en conta as características da idade na que se atopa.
4. Facilitarase un contorno deportivo do equipo sen drogas, tabaco e alcol.

5. Lembraranlles ao equipo e aos seguidores que deberán demostrar deportividade en todo momento, tanto cando se gañe como cando se perda.

(c) Código de conduta das nais e pais

Afondando na importancia do exemplo, as nais e pais dos xogadores e xogadoras de baloncesto federados na Federación Galega de Baloncesto deberán comportar segundo o presente código de conduta:

1. Deberán gozar das actividades, ben sexa participando ou como acompañante.
2. Deberanse comportar como modelos de deportividade e talante.
3. Contribuirán e axudarán a que os mozos deportistas cumbran as súas responsabilidades co adestrador e co equipo.
4. Todos os xogadores, adestradores, administradores, delegados e demais espectadores serán tratados co máximo respecto.
5. Nunca discutirán ou se queixarán das decisións dos colexiados ou da mesa.
6. Só se farán comentarios positivos e motivadores ás xogadoras e xogadores.
7. Non tentarán xogar ao papel de adestrador dende as bancadas.
8. O benestar e a seguridade dos mozos xogadores sempre estarán por diante e sen procura da gloria adulta.

(d) Código de conduta da afección

A Federación Galega de Baloncesto ten asumido un compromiso inquebrantable para facer que cada actividade relacionada co Baloncesto en

Galicia sexa unha experiencia de entretemento segura, cómoda e de divertimento.

As e os participantes e asistentes aos eventos de Baloncesto en Galicia teñen dereito a esperar un contorno deportivo onde:

1. As xogadoras e os xogadores respectarán a toda a afección do baloncesto en todas as canchas e comportaranse de xeito exemplar nelas.
2. O trato ás e aos asistentes nas canchas e nos eventos de Baloncesto en Galicia recibirán un trato coherente cos valores da Federación Galega de Baloncesto e sempre con cortesía por parte do persoal do equipo anfitrión.
3. A afección gozará dun espectáculo sen comportamentos negativos, sen linguaxe ou xestos abusivos ou obscenos.
4. O consumo de alcol farase sempre dun xeito responsable e só se fumará nos espazos destinados para tal efecto.
5. As afeccionadas e afeccionados non pelexarán nin lanzarán obxectos nin tentarán invadir a cancha.
6. A afección será tratada de xeito profesional e cortés por todo o persoal do pavillón e do equipo anfitrión.
7. As e os afeccionados cumprirán cos requirimentos do persoal do pavillón no que se refira aos procedementos de emerxencia ou outras operacións requiridas.

O incumprimento dalgún dos preceptos anteriores poderá ser motivo de expulsión sen dereito a reembolso de entradas e podendo chegar a ser motivo de denuncia.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

Os equipos galegos de baloncesto, a Federación Galega de Baloncesto e as entidades ou administracións xestoras de pavillóns deportivos agradecen a asunción e o respecto deste código de conduta por parte das e dos afeccionados.